

# CLIMOGRAMAS

## CLIMOGRAMAS

Un climograma é un gráfico que representa os datos de temperaturas medias e de precipitacións totais que se rexistraron nun lugar concreto durante un período de tempo, normalmente un ano.

### **Elaboramos un climograma**

Un climograma está composto por tres eixes, un horizontal e dous verticais:


- No eixe horizontal sitúanse os doce meses do ano.
- Nun eixe vertical sitúanse as temperaturas, en graos centígrados (°C). As temperaturas represéntanse cunha liña.
- Noutro eixe vertical colocanse as precipitacións, en milímetros (mm).

As precipitacións represéntanse en forma de barras e a temperatura nunha liña continua.

Comparando climogramas de diversas cidades podes deducir que cidade é máis chuviosa que outra e onde teñen unha temperatura media máis alta ou baixa que outra.

Exemplo de climograma da Coruña . A taboa ao lado do gráfico indica os valores numéricos das temperaturas ( laranxa) e precipitacións (azul) que despois aparecen reflectidas nese gráfico .

Climograma de A Coruña



X	10	120
F	10	80
M	12	93
A	13	64
M	15	60
X	17	42
XI	19	24
A	20	42
S	18	60
O	15	90
N	13	122
D	10	139

Expresar as precipitacións : mm ou  $\text{l/m}^2$  ?

Nun cadrado de 1 metro por 1 metro, sobre o chan, supoñendo que este sexa impermeable e perfectamente horizontal, un litro de auga acadaría unha altura de 1 milímetro. Litros por metro cadrado e milímetros é a mesma forma de expresar a cantidade de chuvia recollida. 12 litros por metro cadrado é o mesmo que dicir 12 mm.